

24264 LEI 12/2000, do 28 de decembro, de modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal. («BOE» 312, do 29-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A promulgación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, impón unha reforma do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, xa que a dita lei orgánica establece un novo marco penal, fundamentado nuns principios orientados á reeducación dos menores de idade infractores e no recoñecemento expreso de tódalas garantías que se derivan do respecto dos dereitos constitucionais e das especiais esixencias do interese do menor, e atribúelle ó Ministerio Fiscal unha posición relevante, na súa dobre condición: por unha parte, como institución que constitucionalmente ten encomendada a función de promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, e, por outra, como institución á que se encomenda a iniciativa procesual, concedéndolle amplas facultades para acorda-la terminación do proceso.

Por iso, unha efectiva aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, tal e como establece a súa disposición derradeira segunda, require a introducción de certos cambios na organización do Ministerio Fiscal, así como unha especialización funcional, dirixida a permitir unha adecuada actuación do fiscal na instrución dos procesos ós que é chamado pola lei.

Artigo único. *Modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

A Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, queda modificada nos termos seguintes:

Un. Dáselle unha nova redacción ó número 5 do artigo 3:

«5. Intervenir no proceso penal, instando da autoridade xudicial a adopción das medidas cautelares que procedan e a práctica das dilixencias encamiñadas ó esclarecemento dos feitos, ou instruindo directamente o procedemento no ámbito do disposto na Lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores, podendo ordenarlle á Policía Xudicial aquelas dilixencias que coide oportunas.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 5:

«O fiscal poderá recibir denuncias, enviándollas á autoridade xudicial ou decretando o seu arquivo cando non encontre fundamentos para exercer ningunha acción, notificando neste último caso a decisión ó denunciante.

Igualmente, e para o esclarecemento dos feitos denunciados ou que aparezan nos atestados dos

que coñeza, pode levar a cabo ou ordenar aquelas dilixencias para as que estea lexitimado segundo a Lei de axuízamento criminal, as cales non poderán supor adopción de medidas cautelares ou limitativas de dereitos. Non obstante, o fiscal poderá ordena-la detención preventiva ou a liberdade dos detidos postos á súa disposición de acordo coa lei.

Tódalas dilixencias que o Ministerio Fiscal practique ou que se leven a cabo baixo a súa dirección gozarán de presunción de autenticidade.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 18:

«1. Na Audiencia Nacional, nos tribunais superiores de xustiza e en cada audiencia provincial existirán unha fiscalía baixo a xefatura directa do fiscal respectivo, integrada por un tenente fiscal e polos fiscais que determine o cadro de persoal. A Fiscalía ante o Tribunal Constitucional, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal e polos fiscais que determine o cadro de persoal. A Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal da categoría segunda e polos fiscais que determine o cadro de persoal, que poderán pertencer indistintamente ás categorías segunda e terceira. Do mesmo modo, a Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado e con competencias ante calquera órgano xudicial do territorio nacional, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal da categoría segunda e polos fiscais que determine o cadro de persoal, que poderán pertencer indistintamente ás categorías segunda ou terceira. Tamén se considerarán integrados nela os fiscais das distintas fiscalías que designe o fiscal xeral do Estado en canto exerzan as funcións específicas a que se refire o artigo 18 ter desta lei.

Na Fiscalía da Audiencia Nacional e en cada fiscalía dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais existirán unha Sección de Menores, á que se lle encomendarán as funcións e facultades que ó Ministerio Fiscal lle atribúe a Lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores. A ela serán adscritos fiscais que pertencen ós seus respectivos cadros de persoal, tendo preferencia aqueles que por razón das anteriores funcións desempeñadas, cursos impartidos ou superados ou por calquera outra circunstancia análoga se especializasen na materia. Non obstante, cando as necesidades do servizo así o aconsellen, poderán actuar tamén noutros ámbitos ou materias.

Nas fiscalías dos tribunais superiores de xustiza e nas audiencias provinciais poderán existir as adscricións permanentes que se determinen regulamentariamente.

Correspóndelles ós fiscais xefes de cada órgano:

a) Organiza-los servizos e a distribución do traballo entre os fiscais do cadro de persoal e a adscrición dos compoñentes da Sección de Menores, óda a Xunta de Fiscalía.

b) Concede-los permisos e licencias da súa competencia.

c) Exerce-la facultade disciplinaria nos termos que establezan o presente estatuto e o seu regulamento.

d) Face-las propostas de recompensas, de méritos e as mencións honoríficas que procedan.

e) As demais facultades que este estatuto ou outras disposicións lle confiran.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24265 *LEI 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.* («BOE» 312, do 29-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A introducción do euro como moeda de curso legal única, a posta en circulación da cal terá lugar o 1 de xaneiro de 2002, esixe que os orzamentos xerais do Estado para tal exercicio sexan elaborados na referida unidade monetaria. Así pois, o exercicio 2001 será o derradeiro que se elaborará tendo como unidade de conta a peseta.

II

O contido normativo da lei orzamentaria vén determinado pola doutrina do Tribunal Constitucional. O Alto Tribunal, a partir da sentenza (STC) 27/1981, foi precisando o contido posible da Lei anual de orzamentos xerais do Estado (SSTC 76/1992, 195/1994, entre outras). Veu a determina-lo Tribunal Constitucional que na Lei de orzamentos xerais do Estado existe un contido mínimo necesario e indispoñible que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos que poden realiza-lo Estado e mailos entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. Xunto a este contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estrictamente delimitado. Este contido eventual da Lei de orzamentos xerais do Estado queda limitado a aquelas materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gasto ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais

do Estado e da política económica do Goberno. As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da Lei de orzamentos xerais do Estado está constitucionalmente acoutado, a diferenza do que sucede coas demais leis, nas que o contido resulta, en principio, ilimitado, dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada a lei orgánica.

III

O contido necesario e esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I «da aprobación dos orzamentos e as súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e o seu financiamento», se aproban a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado, recollendo o aspecto trífrente que lle atribúe o artigo 134.2 da Constitución española ós orzamentos xerais do Estado.

A determinación do ámbito dos orzamentos xerais do Estado, contida no capítulo I, realízase tendo en conta a clasificación que dos organismos públicos realiza a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, clasificación que se fai presente no resto da lei.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétese co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que, de acordo coa súa lexislación específica (artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España) non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

No capítulo II, baixo a rúbrica «Normas de modificación e execución dos créditos orzamentarios», contéñense un conxunto de disposicións que, por motivos conxunturais, flexibilizan o réxime contido na Lei xeral orzamentaria en materia de modificación e execución dos créditos orzamentarios. O carácter puramente conxuntural destas medidas fai que a súa vixencia quede limitada ó exercicio para o que se aproban. Para o exercicio do ano 2001 non se introducen novidades significativas respecto ás contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano pasado, mantendo a liña de austeridade, control do déficit e disciplina orzamentaria xa iniciada nos dous exercicios anteriores.

O capítulo III, relativo á Seguridade Social, recolle normas de importancia en materia de financiamento da Seguridade Social.

Dunha parte, o financiamento do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD) realízase integramente polos orzamentos do Estado, mediante senllas transferencias para operacións correntes e de capital, desaparecendo a súa vinculación financeira coa Seguridade Social.

Doutra parte, contense a previsión relativa á forma de financiamento do Instituto de Migracións e Servicos Sociais (IMSERSO) no ano 2001 (con dúas achegas do Estado, para operacións correntes e para operacións de capital), así como con calquera outro ingreso afectado ós servicos prestados pola entidade.

IV

O título II da Lei de orzamentos xerais do Estado dedícase á regulación da «Xestión orzamentaria» e estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados e o importe da autorización dos custos de persoal da